"A Lagoa"

Orig. Registro 18.07.2010

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

Edificio Administrativo San Caetano
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
http://mediorural.xunta.es

XACOBEO 2010
Galicia

copia de todo → alcaldía
Emilio
Secretario

REXISTRO XERAL da Xunta de Galicia - P2
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA - SANTIAGO DE COMPOSTELA
15 FEB. 2010
NÚMERO
5997 SAÍDA

Dna. María Isabel Álvarez Diéguez
Sra. Alcaldesa do Concello de Valdoviño
Porta do Sol, s/n
15552 Valdoviño
A Coruña

19 FEB. 2010
Núm.: 740

En resposta ao seu escrito, remitido á Consellería do Medio Rural con data 20 de xaneiro de 2010, solicitando información sobre os traballos que se levaron a cabo nos últimos meses no Areal e Lagoa de Valdoviño, achégolle informe emitido polo xefe do Servizo de Conservación da Natureza da Coruña, no que ademais de realizar un detalle histórico da lagoa e unha explicación do seu funcionamento, se relacionan as aperturas desta nos últimos dous anos incluídas as realizadas por ese concello previa petición e autorización ao referido servizo como é o caso das executadas, - como vostede moi ben coñece-, este último outono.

Santiago de Compostela, 11 de febreiro de 2010

O director xeral de Conservación da Natureza

Ricardo García-Borregón Millán

XUNTA DE GALICIA
DELEGACIÓN TERRITORIAL
DA CORUÑA
Xefatura Territorial da Consellería do
Medio Rural

Edificio administrativo Monelos
Praza de Luis Seoane, s/n
15071 A Coruña

XACOBEO 2010
Galicia

Informe sobre a Lagoa da Frouxeira e sobre as últimas actuacións nesta

1.- Preliminar

A Lagoa de Valdoviño, ou de Lanzós, tamén chamada da Frouxeira por extensión da praia coa que limita ao norte e através da que se produce o desaugadoiro definitivo ao mar,- e que constitúe unha das de maior uso público de toda a costa norte coruñesa-, acumula as augas que proceden dos arroios Londra e Castro.

De forma case ovalada e co seu eixe maior Norte-Sur, se configura por un conxunto lagoa-xuncal que forman un contíguo plano e horizontal cincundado por terreos moi humanizados, sendo na súa marxe dereita,- que circunda un paseo -, urbanos, incluídos no núcleo de Valdoviño-pobo, e na súa esquerda terreos de cultivo agroforestais, o seu extremo Sur o conforman infraestruturas viarias,- a estrada Ferrol-Cedeira -, e é na súa beira norte onde se sitúa a duna litoral e unha barreira areosa, extensa e chaira que pecha apenas o horizonte visual do Atlántico.

Esta barreira areosa e a súa correspondente zona de praia entre a lagoa e o mar, forman unha faixa de separación non permanente. Durante o estiaxe a causa da falta de caudal, a lagoa péchase pola acumulación dos areais que producen as mareas e os ventos do norte. Ao producirse este feito comeza a elevarse o nivel das augas na lagoa, que acaban cubrindo totalmente o solo do xuncal e zonas marxinais, ata que coas chuvias de outono, - e as mareas vivas que fan entrar a auga do mar na lagoa -, prodúcese a subida crecente de nivel producindo a inundación dos terreos adxacentes. En réxime natural, sen intervención humana, a lagoa desaugaría de forma natural tras producirse a subida do nivel desta por riba da cresta da duna litoral, orixinándose así, a ruptura do cordón de area de peche **coa consecuencia do baleirado da lagoa**.

Co obxecto de evitar a subida **do nivel das augas da lagoa, e que con iso se alaguen** os terreos e inmobles adxacentes, e se produzan danos nos bens e terreos que resultarían afectados, fixose preciso, e xa desde hai décadas, e resulta xa tradicional adiantarse á inundación dos terreos circundantes e proceder á apertura da canle natural de desaugadoiro, para voltar as augas ao seu nivel acostumado.

Un aspecto salientable para comprender a dinámica deste medio ten que ver coas **modificacións do borde lagoar efectuadas polo Concello de Valdoviño** que executou un vial na marche dereita da Lagoa . O vial inclúe unha pista supostamente para uso de vehículos agrícolas, e un paseo peonil. **A cota do vial queda, en gran parte do percorrido por baixo, do nivel de alagamento ordinario da lagoa**.

A parte NE do vial contacta cun paseo marítimo deseñado e construído pola **Demarcación de Costas.** A construción deste provocou a desaparición das cinturas de vexetación eulitoral e supralitoral que son incapaces de revexetar o noiro artificial proxectado cara o interior da lagoa. **A cota do paseo de novo se sitúa en varios puntos por debaixo do nivel de inundación ordinaria da lagoa**.

Tras o afundimento do buque PRESTIGE (2002), a DXCN procedeu como medidas cautelares ao peche temporal de todas as lagoas costeiras. O peche destas manterase ata principios do ano 2004. A retirada da barreira de Valdoviño efectuouse de forma inadecuada.

Na actualidade todavía poden observarse restos das grandes bolsas de nylon e barras de ferro semi-soterradas no leito lagoar. Na devandita actuación, e co uso dunha pa excavadora, rómpese en tres puntos **a coiraza de pedras que forma o reborde interno da cubeta.** Créanse así tres canles cuxa cota queda moi por baixo do leito da cubeta (1-2 metros de diferencia). O efecto desta perturbación é moi relevante na medida que modifica a cota de erosionabilidade que pode desenvolver a canle de desaugadoiro cuestión que incide de forma crucial na xeometría pola que evoluciona.

Para comprender un pouco mellor como foron evolucionando as aperturas controladas nos últimos tempos indicar que **desde inicios do 2004 á primavera do 2008, a lagoa, como consecuencia da alteración da coiraza interna, amosa un funcionamento ecolóxico anómalo** xerado polas alteracións no seu ciclo hidrolóxico.

As aperturas son solicitadas e realizadas polo concello de Valdoviño, e autorizadas e supervisadas polo Servizo de Conservación da Natureza da Coruña como aconteceu nesta última ocasión que foi o concello quen solicitou, mediante fax, a apertura do aliviadero de desaugadoiro con data 23/10/2009 reiterando novamente as súas demandas verbalmente os días 20 de novembro e 16 de decembro, e que foi tamén este concello o que contratou e pagou o importe dos traballos, pois a Consellería do Medio Rural, tan só autorizou e supervisou estes, segundo figura na autorización na que se recolle as condicións impostas para a apertura parcial solicitada, como xa quedou dito con data 23/10/2009.

Aperturas da Lagoa nos últimos anos

Todas as aperturas non naturais, como quedou dito foron solicitadas, efectuadas e pagadas polo concello de Valdoviño, previa autorización do Servizo de Conservación da Natureza.

O **27 de febreiro de 2007** procedeuse á apertura e deu como resultado o baleirado total e unha canle enorme ata case a praia pequena.

En **novembro de 2008** a lagoa estaba case desbordándose polo que se decide realizar unha apertura mediante máquina. A apertura da lagoa realízase de xeito totalmente inadecuado. Créase unha canle rectilínea que fragmenta a barreira pola área de maior altitude. A traza da canle coincide co eixe maior da lagoa. Como era previsible prodúcese un baleirado total e enérxico da lagoa. A enerxía do baleirado destrúe máis de 500 metros cuadrados de sistema dunar (dunas brancas e embrionarias) e modifica a coiraza interna.

O **6 de xaneiro de 2009** prodúcese o peche natural desta que dura moi poucos días, realizándose unha apertura natural da mesma.

Permanece aberta ata o **4 de marzo**, data na que se pecha de forma natural. O día 19 de marzo abriuse de forma natural provocando unha grande canle de desaugadoiro. O baleirado produciuse en cuestión de horas.

A principios **de maio, o día 2,** volve pecharse de forma natural, para volver abrir tamén de forma natural o 22 de maio.

O **18 de xullo de 2009** volve pecharse de forma natural e non se volveu abrir ata o mes de outubro.

XUNTA DE GALICIA
DELEGACIÓN TERRITORIAL
DA CORUÑA
Xefatura Territorial da Consellería do
Medio Rural

Edificio administrativo Monelos
Praza de Luis Seoane, s/n
15071 A Coruña

XACOBEO 2010
Galicia

Á vista da situación decídese recuperar de novo a coiraza, e restaurar no posible o perfil da duna en contacto co complexo de apertura. A lagoa manterá un estado ecolóxico irregular ata inicios do verán, cando o crecemento da barreira de area pecha de novo esta.

A finais de **outubro de 2009** procédese a realizar unha nova apertura da lagoa, a lentitude coa que foi efectuada a canle, permitiu que na preamar a canle fose pechada, procedéndose en consecuencia a un baleirado parcial do entorno lagoar, que evitou maiores consecuencias. Debido as choivas caídas nestas datas, que fixeron que a lagoa se voltase encher provocando novos desbordamentos, realízase unha segunda apertura, sempre a instancia do concello, o día 20 de novembro, e unha terceira o 16 de decembro que provocou o baleirado da lagoa

As modificacións da coiraza á que se fixo referencia dan como consecuencia pouca capacidade de control sobre o baleirado xa que unha vez realizada a apertura da canle existe unha capacidade limitada da súa evolución.

Segundo o exposto, a lagoa da Frouxeira estivo sometida a manexo de forma tradicional ao longo deste último século, pero probablemente como consecuencia da modificación das condicións das coirazas de rochas sitas no desaugadoiro que romperon pola retirada do dique construído como consecuencia do afundimento do buque Prestige, para evitar a entrada de cru, estase a advertir unha evolución distinta das canles de desaugadoiro que están orixinando **riscos para a conservación do humidal**, pese a que a Frouxeira mantén unha elevada naturalidade e diversidade, que contrasta co de Pantin, onde os sangues e canles efectuadas transformaron o entorno lagoar nun humidal higrófilo. A actuación de apertura artificial, xustificada en consuencia para evitar alagamentos sobre o vial ou supostas alteracións nas leiras, cultivos e inmobles está resultando **unha práctica que precisa avaliarse en profundidade e non só polo que entraña en si mesma senón porque esta situación de desaugadoiro anómalo estase dando con independencia da orixe da apertura da canle xa sea esta natural ou artificial.**

É por isto que a Dirección Xeral de Conservación da Natureza da **Consellería do Medio Rural,** está estudiando cun equipo de expertos en simulacións de sistemas hidrolóxicos e hidráulica, as súas propostas de cara a avaliar o funcionamento do complexo hidroxeolóxico da Frouxeira e determinar as posibles alternativas que harmonicen o estado de conservación favorable cos risco de alagamento dos terreos e inmobles sitos nas proximidades. Paralelamente o equipo seleccionado traballará de forma integrada cos equipos de expertos en botánica, zooloxía e ecoloxía co obxecto de testar a idoneidade das accións.

A Coruña 5 de febreiro de 2010

O xefe do Servizo de Conservación da Natureza

Carlos Gonzalo Muñoz Martínez

XUNTA DE GALICIA
DELEGACIÓN TERRITORIAL DA CORUÑA
SERVIZO DE CONSERVACIÓN DA NATUREZA